

IRIMIA



Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVI • Nº 966 - Do 1 ao 14 de maio de 2017

Aposta pola montaña



A foto que fala

Calvia (Mallorca). Escultura dun polvo feita con lixo tirado ao mar. Calcúlase que cada ano ó,4 millóns de toneladas de residuos acaban no mar; entre o 60 e 80% plásticos.
[Foto: Cati Cladera]



O trasno Católica corrupción?

Daniel López Muñoz



Resulta difícil escapar do debate sobre a corrupción e a herdanza católica. Desde logo é difícil non vencellar toda esa tropa do PP de Valencia nos xulgados con aquel Camps presidente, facendo o camiño de Santiago de maneira fachendosa, cunha cohorte de xornalistas e fotógrafos e todo o gabinete en primeira fila, televisando a súa sagrada comunión, que hai que tirar proveito de todo e xa sabemos quen nos vota. E quen di aquel Camps, di aquela Espe, ou aqueloutro Cotino, seica do Opus cerrado e

disque fontaneiro de toda a operación, esa que agora está en mans do xuíz instructor, de desfalco de cartos públicos, aproveitando, vaia, vaia, da visita do Papa Ratzinger.

Hai unha serie de intelectuais que din que esa afinidade entre os países de cultura católica e a corrupción vén do asunto do perdón, da existencia da posibilidade de confesión, iso que non teñen

os protestantes. Algo así como que a cousa ten remedio fácil, pois uns minutos de confesión poñen o contador a cero e dan para seguir roubando unha década máis. Un choio.

Teño para min que este persoal nunca confesou tales pecados. Máis ben estou convencido de que para eles non hai mala conduta. Teñen montado un discurso vello e sólido. Coma nas películas de mafiosos cando falan da familia. O seu catolicismo ostentoso, iso si, serve de armadura e escudo... E de lavadora. A práctica pública e

fachendosa dunha relixión tende a ser pouco auténtica e procura un fin: lavar a imaxe, compensar outras cousas inconfesables.

A cousa non ten que ver co perdón, que é cousa boa, e menos co perdón de algo que “non é pecado”. Non é, logo, o que se confesa ou o que se deixa de confesar, que hoxe, iso da confesión é práctica ultraminoritaria, tamén entre os ultrapeperos. A cuestión é a penosa falta de conciencia – latina?, católica? burguesa? -sobre o valor superior do público, do común. Aí si que vexo unha responsabilidade católica. Foi demasiado tempo de predicación dunha moral individualista, sexual, familiar. U-la moral do público, do cívico, do comunitario?

A cousa, logo, ten que ver máis con esa “salvación en ascensor monopraza” que se inoculou na conciencia das nosas sociedades e que, abofé, é precisamente o que mellor lle convén a un capitalismo “desmoralizante” para aseñorearnos. Temos un bonito desafío.

Editorial

Os excelentes resultados da Fronte Nacional de Marine Le Pen na primeira volta das presidenciais francesas son, outra volta, un grande asunto para o debate e a reflexión, non só sobre o futuro de Francia, senón sobre todo sobre o futuro da Unión Europea.

Hai dous asuntos clave que provocan a incomodidade e a rebelión dunha cuarta parte, polo menos, do electorado que se decanta polo discurso fácil da dereita extrema de Le Pen. E son dous asuntos sobre os que a esquerda e os partidos europeístas deberían reflexionar, rectificar e propoñer.

O primeiro é o da inmigración. Sabida é a nosa predisposición positiva á acollida. Pero o que se ten feito en Europa en moitas ocasións ten que ver pouco cunha

acollida real e efectiva. Ten que haber auténticas políticas de integración, debe planificarse, acompañar os procesos, facer educación en dereitos e deberes, inserción laboral, política de vivenda que exclúa os guetos, proxectos creativos de interculturalidade. A inmigración é un enorme desafío, un potencial e unha oportunidade humana para a solidariedade e o encontro e para revitalizar unha Europa caduca. Pero se non se fai

A xente ten pánico a esa globalización do capital que deixa para as súas fillas e fillos un futuro peor

ben, os efectos veñen de rebote, coma un búmerang. E un deses efectos está nese renacer do racismo e a súa conversión en voto ultradereitista.

O segundo desafío é o dunha globalización feita á medida dos mercados e das grandes empresas e bancos multinacionais. A xente ten medo, pánico a esa globalización do capital que deixa para as súas fillas e fillos un futuro peor ca o que eles viviron. A desprotección do obreiro, a deslocalización das fábricas consolidadas, a inminente robotización e a súa repercusión no incremento do paro. Pero hai máis medos. A perda da soberanía alimentaria e a entrada masiva de alimentos insáns, a ruína da pequena agricultura de proximidade, e os cheques en branco a proxectos mineiros ou instalacións altamente contaminantes.

Debe abandonarse a inxenuidade. Se a xente reacciona como está reaccionando hai que saber interpretar o que pasa. Cómpren fórmulas novas, feitas desde a solidariedade e a igualdade, desde a esquerda política, para a acollida integradora de inmigrantes e para unha globalización que antepoña a xente ao diñeiro e os seus insaciabes amos.

Rumores de esperanza

Xan Guillén


Estamos en Pascua. Tempo de Resurrección. Resucitar é dar vida e dala en abundancia. Veño de ler un libro moi xeitoso, que ten unha forma de novela xuvenil, pero penso que paga a pena lelo en todas as idades. Trátase do libro *Os nenos da variola*, da xornalista María Solar.

O libro trata dunha epopea pouco coñecida. A do grupo de nenos que, desde hospicios da Coruña e Santiago, levaron a vacina da variola de brazo en brazo desde Galicia ata América para manter a cadea. Unha actividade coordinada polo doutor Balmis e o doutor Posse, coa axuda da encargada do hospicio, Isabel Zandal, que

se converte nunha peza fundamental para levar adiante o proxecto.

A novela ten, amais da ficción propia de toda novela, unha gran documentación, e transmite moi ben o ambiente da época. Fronte a aqueles que vían na vacina e no medio de transportala toda unha serie de medos, vemos a mentalidade ilustrada duns cantos heroes con ollos abertos.

Gran descoñecida, esta historia duns heroes case anónimos. Todos os pobos teñen a súa grande epopea. Eu propoño que os galegos e galegas teñamos esta. A dun grupo de nenos da marxinación que levan vida ao outro lado do mundo. A duns médicos que loitan contra a incultura e o escuran-



tismo. É unha historia épica que non se basea na morte nin na guerra. É unha narración baseada en dar vida e dala en abundancia. Grazas a eles, a variola está desaparecida do mundo. Resurrección a esgalla.

1



3



2



4



A peneira

1

O 1 as veciñanzas de Mesía e Frades honran a **PEDRO SANTOS**, animador sociocultural destas parroquias. Loitou polo futuro do rural dinamizando cooperativas que fortalecían o comunal. Un penedo, na foto, obra do escultor Valdi, lémbrao no Campo das Virtudes de Vitre que el recuperou, santuario da Romaxe do 2014.

2

O 28 celébrase a XVII Feira do **ACEITE** de Quiroga e xa son 25 anos de loita por recuperalo. Hai catro almazaras no val, os máis produtores xunto con Aceites Abril de Ourense. Mentres tanto, están a investigarse sete variedades de olivas galegas, xa que as 84 hectáreas que cultiva a Asociación de Produtores de Aceite de Galicia son foráneas.

3

8 presos ás portas da execución en Arkansas mostra a cultura de morte en **EUA**: as armas producen 39 mortos por día e moitos son salvados no derradeiro intre pola medicina. E 60 suicídanse con elas: 30 por millón de habitantes fronte aos 5 de Canadá. Entre 2001 e 2013 remataron coa vida deste xeito 406.496 residentes.

4

A exposición do creador da imaxe, foto e cinema, Xosé **SUÁREZ** (Allariz 1902-A Guarda 1974), fai escala en París ata o 3 de xuño, antes de arribar a Tokio e Nova Delhi. Vanguardista moi precoz, sufriu o exilio na Arxentina e a soidade no retorno, coma reflicte en *Galicia, terra, mar e xentes*.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O Papa visita o 28 un **Exipto** que comezou a Paixón cun novo atentado en igrexas coptas, o 10% da poboación. Marxinados, corenta das súas igrexas, escolas e vivendas foron destruídas polo Daesh dende o 2013. É a comunidade cristiá máis numerosa do Oriente Medio e das máis antigas.

6

Cando **ADEGA** celebra 40 anos de loita pola soberanía alimentaria, collen novo pulo os produtos ecolóxicos. No 2016 os seus produtores (oito de cada dez son gandeiros e agricultores) facturaron un 25% máis, nas preto de 30.000 hectáreas cultivadas, aínda que consumo no País non medra.

7

“Se ti vés comigo a **CANS**” é o himno do festival que se abre o 27 organizado pola Asociación Arela do Porriño. Xa antes, a Documenta da Fimoteca de Madrid (do 4 ao 14) proxecta tres longametraxes de Margarita Ledo e o documental *Paisaxes da Capelada* de Alberte Lobelle.

8

O 13 a Eira da Xoana convoca a “Refuxiad@s no corazón” cunha *Marcha a pé*, en referencia ao que teñen que camiñar as persoas que procuran abeiro. A marcha que remata na **EIRA** comeza en Melide, Palas, Agolada, Antas..., (10-20 km.). Máis información en eiradaxoana.gal ou no Facebook.

Política Francia

Pedro Pedrouzo Devesa



Os resultados da primeira volta das presidenciais francesas deixaron fóra os tradicionais partidos de dereita e esquerda. En España, o PP e o PSOE estiveron cerca de sufrir algo semellante o ano pasado, pero salvaron os resultados, malia a gran perda de votos que sufriron.

Macron e LePen son dous produtos do desencanto europeo ante o desgaste dos partidos tradicionais. Son dúas formas alternativas de afrontar a recesión económica e a corrupción política, dúas formas que ignoran a eterna diferenza entre esquerda e dereita.

Mentres Macron propón unha saída construída desde as institucións e, a primeira vista, máis respectuosa coa herdanza política da segunda metade do século XX, LePen aposta polo discurso da entraña, un discurso primario que localiza os culpables no exterior; o conflito, nos de fóra.

Macron ten un discurso que une a economía liberal coa protección social. É un difícil equilibrio, pero pro-

bado. Sobre el se construiu a Unión Europea na que actualmente vivimos. Por iso é un candidato do sistema. Porén, LePen é unha candidata de ruptura. A ruptura pode vir desde posicións reaccionarias ou progresistas. Non é fácil saber por que Francia opta por posicións reaccionarias de ruptura, mentres España optou por posturas progresistas de ruptura. Os líderes teñen moito que dicir no éxito dunha ideoloxía ou dun partido. O éxito de Macron é unha suma de decepción socialista, corrupción conservadora e medo á ruptura. O éxito de LePen é a suma da incapacidade de facer políticas activas de integración co cabreo coa riqueza dos poderosos. A política castiza non é patrimonio único español. Pero LePen non é so un cabreo racista. É a constatación de que nos estamos esquecendo da integración. As sociedades europeas son cada vez máis plurais e diferentes, os nosos centros de ensino son cada vez máis diversos, as prazas das nosas cidades son cada vez máis variadas. De

aí que os gobernos deban reaccionar activando políticas que nos axuden a entendernos e a crear espazos de diálogo. E iso non implica o “buenismo” que, para evitar problemas, practican algunhas institucións mirando para outro lado en caso de conflito. Porque tamén sabemos que a maior dificultade na integración dun pobo son os delitos que xenera. Todas as culturas achegamos unha parte de malestar á humanidade, pero sempre somos menos belixerantes cos nosos *delincuentes*, os que nos son máis cercanos ideolóxicamente, social, económica e culturalmente.

Necesitamos cimentar as nosas cidades de forma que a convivencia substitúa á desconfianza. Pero a convivencia non agroma de forma espontánea. Necesita moitos anos de políticas públicas activas. Ou o que é o mesmo, políticos activos que crean que a convivencia é sempre máis desexable para todos que a confrontación.



O peto común

Teresa Souto

23 de abril, Día de San Xurxo, e Día do Libro. Que festa celebralo lendo tranquilamente!

E compartindo o amor pola lectura. O fermoso que é deitarse ao carón dos máis pequenos da casa, e observar que precisan ese tempo de silencio, de paz, para ler antes de dormir, coma unha medicina para a alma, que che fai viaxar, ter curiosidade, coñecer outras épocas, outras culturas, paisaxes, personalidades, recunchos internos e externos doutros mundos.

Oxalá, todas as persoas estivésemos en igualdade de condicións, para poder amar os libros, e o verbo ler. E claro que é verdade que moitas persoas, tendo todas as facilidades, non teñen o hábito da lectura, ou non atoparon o xénero literario que as farían vibrar, ou están demasiado interesadas noutras cousas; pero tamén existe unha realidade que é o que mamamos, as aprendizaxes que adquirimos, as facilidades da vida normalizada, cun fogar, unha lámpada, un libro diferente, unha mesa de estudo, unha butaca, unha familia na que medrar, unha biblioteca preto, unha estabilidade vital e social. Se non contásemos con esas cousas, non dende agora, se non, dende sempre, quizais sería máis difícil ter ese hábito marabilloso que é a lectura... Esta semana nun mural xigante que se pintou nun centro, atopei unha frase, que me gustou especialmente, é a seguinte: "Ao final, todo rematará ben, se non rematou ben, é que aínda non chegou á súa fin". Pregunteille a unha persoa, se a frase a escribira ela, e contestou que si, que se me gustaba podía utilizala, e por iso vola traslado, xa que está cargada de positividade, de inquietudes e de esperanzas, e fai falla recargarse de esas tres cousas no día a día.



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Xente d'eiquí

Xosé Lois Vilar

Román Sánchez Besteiro, xerente da cooperativa A Carqueixa



“No rural galego temos que librar unha batalla cultural máis importante cá económica”

“Son un membro máis dunha xeración que terá que demostrar que é a máis preparada da historia. Deime conta un pouco tarde de que estudar non valía para moito, por iso fixen una dobre licenciatura en Dereito e Ciencias políticas na Universidade Autónoma de Madrid con estancias en São Paulo e Barcelona e un mestrado en Comercio Exterior da Universidade de Santiago de Compostela. Agora, como xerente da cooperativa “A Carqueixa”, de 200 socios, nos Ancares Lucenses, centrada na compra de subministracións e na comercialización do gando e da castaña, tento ser a metade de intelixente ca meu avó Emilio Besteiro, cooperativista de pensos “Xa”, tratante de gando e bróker de bolsa”

Como fuches parar á montaña e por que?

Eu nacín en San Román de Cervantes en 1989. Miña nai, Aurora Besteiro, que era mestra na Escola de San Román, meu pai, Emilio Sánchez, que era mestre de Preescolar na Casa e Ramiro (o cura), formaron o xermolo de diversos proxectos que continúan na actualidade (Centro de Desenvolvemento Rural, Asociación de Montaña A Carqueixa, Cooperativa A Carqueixa...). Son entidades

que transformaron e seguen tentando mudar a realidade desde a acción, seguindo a estela do mellor Castelao: “O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos”

Meus pais, meu irmán Iago e mais eu marchamos de alí no 1993, pero eu sempre me sentín moi unido aos Ancares e de verán viña pasar varios días con Ramiro. E foi Ramiro quen me falou da posibilidade de incorporarme como xerente da cooperativa no 2016, nun intre no que pasaba por unha situación bastante delicada.

xa dicía Castelao que o verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos

da. Aceptei, non sen moitas dúbidas, e acertei.

Cal vén sendo o teu labor?

Son o único traballador da cooperativa e o meu traballo repártese ao 50% entre as tarefas administrativas (pedido de subministracións, contabilidade, loxística das cargas de gando, bancos...) e estratéxicas (comercialización do gando e da castaña, presentación de proxectos para acadar fondos e adquirir formación tanto a nivel galego coma español e euro-

peo). Neste 2017 saberemos se comezan a dar froitos algún deles que están dirixidos á recuperación de soutos, ao cultivo e transformación da castaña, á creación dunha marca ligada ao territorio ou ao estudo sobre os custos de produción no sector cárnico así coma ás alternativas para reducir o nivel de concentrado que toman os becerros.

Fainos un pouco de historia do teu traballo desde que comezou aquí na montaña

Comecei en Xaneiro do 2016, mentres remataba o mestrado en Comercio Exterior que estaba a realizar

en Santiago. Neses primeiros meses producíronse novas moi positivas para a Cooperativa: cobrouse una débeda importante que estaba pendente e realizouse unha importante asemblea, moi participada, e na que quedou patente que había un grupo de gandeiros que seguían apostando pola cooperativa, que eran conscientes dos beneficios que reportara e de que, comercializaran os xatos ou non, a cooperativa era esencial para conseguir mellores prezos tanto na trata


cos animais coma nas subministracións.

A partir de aí, fixen 100 enquisas aos socios para saber as súas demandas, as súas pretensións e visión da cooperativa. O resultado desas enquisas foi a peza esencial para saber cales tiñan que ser as liñas a seguir: crear unha marca do territorio e volver á compra conxunta das subministracións.

O da marca estase a estudar e é o gran reto que temos por diante, unha marca que diferencie os produtos (carne, mel, castañas..) do noso territorio e que poña en valor os intanxibles (paisaxe, patrimonio, cultura), cuestión importante para saberte diferenciar no día de hoxe. No dos insumos estamos a mellorar moito: houbo una rebaixa xeneralizada nos pensos, con algún caso de aforro de máis de 250 euros ao mes.

Tamén houbo altas: 10 novos socios. E mellorouse moito na comercialización da castaña, pasando de 14 toneladas no 2014 a máis de 220 no 2016, con prezos que chegaron a dobrar aos da competencia na zona.

Como principal aspecto negativo, está o feito de que a consecuencia dos impagos de “Artesanos Gallegos de la Carne” a “Artesáns Gandeiros” (cooperativa que está formada por todas as grandes cooperativas da provincia de Lugo e nas que a Carqueixa está



integrada) houbo atrasos nos pagos aos socios e iso acabou propiciando unha baixa considerable na comercialización de gando pola cooperativa.

E mirando cara ao futuro cales son os vosos soños?

Hai moitos proxectos que se poden desenvolver na zona de Ancares,

de; tamén potenciar o turismo ou seguir mantendo vivas as tradicións culturais. Porén, cando se fala de soños, hai un no que podemos participar todos e que é fundamental para acadar os demais. Trátase de dignificar e pór en valor a xente que aínda segue apostando polo medio rural: esa é a

melloramos na comercialización da castaña, pasando de 14 toneladas no 2014 a máis de 220 no 2016

que poden mellorar a vida da xente, proxectos que van desde darlle uso a miles de hectáreas de monte que están abandonadas ata que o prezo dos produtos sexa acorde coa súa calida-

base de todo desenvolvemento, que os habitantes do rural nos empoderemos e sexamos conscientes de que o noso futuro está nas nosas mans.

O voso labor pode valer de referencia para outros lugares de Galicia?

Hai 5 meses recibimos a visita da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, un grupo de xente conformado por gandeiros, funcionarios ou exfuncionarios de Medio Rural (o presidente é Eloi Villada) que fixeron as xornadas nos Ancares, porque aquí, concretamente entre os concellos de Navia de Suarna e Cervantes, deuse unha evolución moi positiva no manexo do gando: transformación de terras abandonadas en pastos e preeminencia do tempo no pasto de fóra sobre a permanencia na corte. O que máis me



Emilio, Aurora e Ramiro hai uns anos

Xente d'eiquí

Xosé Lois Vilar

Román Sánchez Besteiro, xerente da cooperativa A Carqueixa



gustou da xornada foi unha pregunta dun gandeiro de Viana do Bolo que dixo que el viña aquí para aprender, porque quería facer algo semellante no seu Monte en man común e que todos os veciños o tomaban por tolo. Estas melloras estruturais, que foron impulsadas desde a Cooperativa, nomeadamente polo primeiro xerente, Fernando Veiga, e que tiveron a colaboración de funcionarios como Víctor Álvarez ou o propio Eloí Villada, son esenciais para entender algún aspecto positivo da evolución da zona. Froito disto o tamaño medio das explotacións da cooperativa multiplicouse por 4, pasando de 6 vacas a 24; os incendios deixaron de ser unha lacra para converterse nun fenómeno residual; o ano pasado, 2015, foi o ano que máis nenos e nenas naceron dos últimos 10, cinco nenos/as, que non son moitos, pero son sinais de vida.

A cuestión é que se esta transformación se puido facer en terreos que non son especialmente propicios para a gandería, hai que preguntarse cantos recursos estamos estragando como sociedade ao ter tanta terra abandonada e non permitirlle o acceso a gandeiros ou persoas que queiran vivir do rural.

Giner de los Ríos desexaba que España estivera a altura da súa paisaxe.

É un fermoso obxectivo. Eu non son tan ambicioso, a min chégame con que Galicia estea á metade da altura do seu potencial produtivo, paisaxístico ou patrimonial.

Como ves, logo, desde a montaña a situación do campo galego?

Ultimamente, cando falo do rural galego, lembro aquela frase de Aldo

pondo en valor a terras nas que os nosos avós e avoas viviron pagamos unha débeda pendente

Moro na que se refería ás liñas paralelas que converxen. Unha desas liñas estaría conformada polas clamorosas estatísticas de avellentamento, perda de poboación, desaparición de servizos sanitarios e educativos. A outra liña estaría integrada polas moitas iniciativas que están agromando con éxito no rural: incorporacións de xente nova, granxas máis grandes e estruturadas, apostas pola transformación do leite ou das castañas, recuperación de soutos ou pastos, plantacións de castiñeiro, cáñamo, maceiras, arandos, amorodos ou horta. O éxito do rural galego dependerá de que estas dúas liñas, que agora son paralelas, acaben converxendo.


Eu sempre digo que no rural galego temos unha batalla cultural máis ca económica, no sentido de que vexo moitas iniciativas que desafían o pensamento da sociedade galega sobre este medio. Ese pensamento que non ve futuro nel, que afirma que unha das terras máis produtivas de Europa non ten outra que acabar a eucaliptos ou o que é moito peor, abandonada.

E para modificar iso temos que comezar a cambiar o discurso. Non serve de nada criminalizar a xente que planta eucaliptos, sendo que moitas veces é unha decisión economicamente máis rendible e máis ética que especular no mercado inmobiliario ou ter os cartos no banco. Nós, como sociedade, deberíamos ollar para realidades que tiveron éxito no medio rural, que son máis atractivas desde un punto de vista económico e social que moitas plantacións de piñeiros ou eucaliptos. Como persoa próxima a esta realidade, vexo que unha hectárea de eucalipto, aos 14 anos, dáche

un beneficio de 10.000 euros; unha hectárea de castiñeiro, 6.000 euros ao ano a partir do 6º ano. É dicir, con 3 anos de recollida de castañas (sen ter en conta as colmeas ou as setas que poidas apañar) xa sacarías máis rendimento que con 14 anos de eucaliptos. Pondo en valor a terras nas que os nosos avós e avoas viviron e coas que fixeron posible o progreso das nosas familias, pagamos unha débeda que os netos e netas dos gandeiros/labregos e fillos dos desertores do arado temos que saldar. "Aboarase" con gusto porque obteremos beneficios sentimentais e económicos abondos.

Ler para camiñar *La nueva lucha de clases. Slavoj Žizek*

Juan Antonio Pinto Antón



A pe -
nas 130 páxinas escritas
con ferocidade: un dedo no ollo en cada
parágrafo. Acedo pero construtivo, un berro
alleo ao politicamente correcto.

O filósofo indaga nos baixos fondos da crise para descubrir unha loita polo control da economía mundial. EEUU, UE, Rusia, China son responsables dos estados fallidos que están na orixe das migracións dos refuxiados que escapan de guerras e do planeta invivible. Tenta entender as ondadadas de desesperados que, ao fin, teñen menos de migración bíblica que de loita de clases nun sistema económico global que se comporta como picadora de carne humana.

E, mentres, na Europa desexada, debaten entre unha nova cultura laboral que busca 'achinar' os traballadores ou corrixir a deriva que os deixa nas poutas das multinacionais. Todo iso fai perigar as mellores conquistas europeas: igualitarismo, estado do benestar, dereitos humanos, unha liña vermella irrenunciable no diálogo con outras culturas.

Velaí as paisaxes dun mundo roto, ameazado ecoloxicamente, onde medra imparable a fenda das desigualdades entre os incluídos, que conviven co medo no interior do sistema, e os excluídos, que sobreviven ao outro lado dos valados. Eses muros tamén medran entre migrantes e refuxiados que poñen a maior parte das vítimas a mans de fanatizados. Ante eles, a mellor Europa non pode ceder no terreo das liberdades, na invisibilización das mulleres ou na humillación dos gays, por exemplo.

Os refuxiados son a proba dun ben común en perigo: a humanidade ameazada polo capitalismo global, que xera novas formas de apartheid e devora os recursos do planeta e

para quen boa parte dos seres humanos pasa á categoría de 'desechables'.

Por iso cómpre recuperar a idea de Europa: dereitos humanos, igualdade, liberdades, ameazados por fascismos recubertos de fundamentalismo islámico ou populismos de extrema dereita. A fermosa idea de Europa tamén está ameazada polo avance descontrolado das grandes corporacións, a violencia e a crueldade do fundamentalismo e o matonismo depredador dos recursos do planeta.

Zizek aposta polos que aceptan o escenario actual e deciden que deben mirar, trazar plans, tender pontes antes que afiar coitelos. E buscar saídas máis aló do medo ao outro, a parálise e a intolerancia dos fundamentalismos: islamofobia e eurofobia.

Para evitar o choque de civilizacións. Para que as vítimas non as poñan sempre os mesmos. Para

que os vencedores non sexan o peor de cada casa, partidarios da loita fraticida: a un lado, os racistas antiinmigración europeos; ao outro, o islamofascismo.

La nueva lucha de clases. Los refugiados y el terror. Un libro de Slavoj Žizek.



Crónica Da desfeita global a outras formas de facer

Anuncio Moroño



ASEMBLEA CRENTES GALEGAS/OS

Nun excelso e primaveral día, que invita a celebrar o compartir, sentiuse a entrañable amizade e sincero cariño que ao longo de máis de trinta anos se foi forxando entre as compañeiras/os que formamos a Coordinadora de Crentes. Fomos chegando ao Castiñeirño, desde diferentes currunchos e por sendeiros diferentes, para amosando a nosa cordialidade, continuar sensibilizándonos na problemática que nos vén enriba, pero tamén enchéndonos de azos esperanzadores, cos quefaceres e modelos a seguir, expostos polas compañeiras/os da “Mesa Redonda”.

Despois da agradable visión, ollando a florida e ben aderezada sala, coas apertas, bicos e agarimosos saúdos, Alfonso Mascuñana, fai unha concisa configuración das tarefas da Coordinadora; acto seguido, presenta ao profesor do Departamento de Economía Aplicada da USC, Gonzalo Rodríguez.

A desfeita global

Desde o optimismo e a esperanza, Gonzalo fai unha documentada reflexión sobre o TTIP. Advertíndonos de que non deixemos que nos rouben a alegría e a esperanza para construír o futuro, sabia e habilmente fai unha exposición da ‘constante’ que salario e produtividade percorren cos seus

paralelismos e diverxencias desde os anos 1950, deica os 1970, en que o medre depende da industria. A *des-localización* xoga un importante papel no medre da produción industrial capitalista, cando a conxunción “salario-productividade” deixa de ser eficaz no lugar primeiramente establecido.

O TTIP, ao igual que tratados similares como o CETA e o TISA, adoitan presentarse como tratados de libre comercio que pretenden eliminar barreiras comerciais por medio da redución de aranceis e, sobre todo, da harmonización regulamentada. O problema é que para os promotores destes acordos estas verbas teñen moi diferente significado ao que calquera de nós lles damos.

Como non resulta doado facer unha síntese da pedagóxica lección do profesor e compañeiro Gonzalo, e sobre todo por espazo, queremos apuntar que ante a desfeita global que o mestre nos apunta, onde os parlamentos, incluso os gobernos son meras comparsas, sen medios de autodefensa do propio, non é menos certo, que nos deixou pautas de optimismo, dándonos moita esperanza e propoñéndonos que ao igual que o paxaro do conto, ao ver que arde o bosque, en vez de escapar vai carretando auga no

seu peteiro para apagar o lume. Boa lección do que hai que facer.

Outras formas de facer

Josecho Barca introduce o tema da Mesa Redonda e coa cordialidade que o caracteriza presenta aos seus compoñentes: Carmela Valiño, Isidro Dozo e Carme Freire.

Loables as inquedanzas levadas a bo porto de calquera dos tres xenerosos exemplos que desde a Mesa Redonda nos expoñen, exemplo e demostración do que se pode e debe facer, e como con teimosía e paixón se sae adiante dignamente. Carmela Valiño de *Muuulloa Cosmética*, unha empresa 100% galega, traballan con plantas medicinais na realización de produtos ecolóxicos; empresa que xorde da sinerxía de Granxa Maruxa e Milhulloa, ambas enraizadas na Ulloa; conta hoxe con 64 puntos de venda entre as cidades e vilas de Galicia. A súa fórmula de liña cosmética é “cero *parabenos*, todo parabéns”.

Isidro Dozo en representación de *Catro Ventos Editora*, cóntanos que é unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro fundada en Vigo en 2016, e constituída por 5 persoas socias, todas procedentes e especializadas en diferentes eidos, pero con certos valores e preocupacións.



A idea de por en marcha a editorial xurdiulles de combinar dous elementos de igual importancia: o desexo de poder desenvolver unha actividade profesional que non só sexa viable economicamente, senón tamén coherente cos seus principios.

Desde o comezo tiveron claro que o deles era o modelo da economía alternativa e solidaria, na que os principios éticos, ambientais e sociais son cando menos igual de importantes ca os principios económicos e profesionais.

Carme Freire Cruces, labrega. Compañeira xunto con Figue, sempre acompañándonos, e sempre aprendendo de vós, grazas. Carme gosta de ser nomeada cos dous apelidos, pois dínos que tivo nai, e tamén se reafirma como labrega, porque ser labrega -afirma- non é unha profesión, é unha forma de ser e estar, non está a representar senón a si mesma, o seu labor e o da súa familia. Colleita un pouco de todo e un moito de nada, pon moita énfase na necesidade de recuperarmos a fala -que non o idioma-; fai ver o necesario da recuperación da palabra, a de cousas que se conseguen coa ferramenta da fala, da comunicación, recuperemos a fala entre nós, o entendemento. Fálanos entre outras cousas do proxecto Lentura, na pro-

cura de alimentos; “a revolución está pendente de facerse, pero tamén se está a facer sempre”. Ensínanos acerca da recuperación dos saberes e os sabores, do turismo vivencial como proxecto, de recuperar a terra como espazo de vida.

Despois dun xeneroso e compartido xantar, xuntámonos de novo e Josecho dános cumprida información sobre Redes Cristiás, facendo unha análise sobre a situación de espera na que se atopa; Alfonso infórmanos da próxima asemblea de Fiare e con

algúns avisos e información diversa, pásase á Celebración. Celebración foi toda a xornada, máis dun xeito moi especial neste intre, facemos máis presente se é posible a Xesús de Nazaré e con el ao *Abba Deus Pai-Nai*, partimos, repartimos e compartimos o Pan de vida, saíndo gozosas/os despois dunha fermosa xornada. Grazas compañeiras/os da comunidade dos Dispers@s, por unha preparación tan sinxela e digna.



O noso taboleiro

ENCONTRO DE "VIVIMOS NO RURAL" NOS ANCARES



Este ano o encontro de VivimosNoRural vaise celebrar nos Ancares. Alí vainos acoller o CDR "Ancares"

Na entrevista deste número a Román Sánchez Besteiro xa vedes como hai xente que aposta polo rural e pola montaña. A nosa rede é precisamente un esforzo de moitos e moitas por encontrarnos e recoñecernos, por felicitar nos polas cousas boas que pasan no rural galego e para esconxurar as malas.

Estate atentos ao

Facebook (<https://www.facebook.com/vivimosnorural/>)

e ao Blog (<http://vivimosnorural.blogspot.com.es>)

para o programa máis concreto e as reservas. Se estades interesados, ide gardando na axenda a data: **27 e 28 de maio**.

Na coordinadora queremos animarvos a que veñades porque pensamos que vai ser moi interesante o que hai que razoar e o que hai que ver.

Mantemos o contacto.



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas


DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Eses dous discutían, acababa de ser, as mulleres contaran, pero non as creran... Non era para menos, pero necesitaron unha testemuña masculina para poñerlle o selo. De paso capitalizou o descubrimento, adoita pasar.

Claro muller, non sexas pouco humilde, o que menos importa é quen o di, importa que pasou.

Importa sobre todo que quen di, fai ou manda, non sexa muller, ou afín (léase calquera exemplar humano non heteronormativo e "menos" viril).

Importa que fiquemos na sombra, caladiñas e humildes, importa que non sobresaíamos e que procuremos que as outras se atean.

Importa que non se diga que quen ía de volta de Xerusalén aquela tarde, discutindo e quen sabe, rifando, eran un home e unha muller... o certo é que temos dereito a dicilo, os pronomes autorizan a crelo, autorízanme a dicilo. Por que non? Se non, por que ían discutir?

Compañeira sen nome de Cleopás, invócote. Myriam? Ese era o teu nome? Importa que te procure polos camiños, importa que atope as túas pegada, que resucite o arrecendo a pan daquela casa onde voltabas co teu compañeiro e un convidado misterioso sumado sen máis. Importa que ti tamén o recoñeceras ó partir o pan, como tres días antes naquela cea... Di, compañeira, onde é que o viras ti partir o pan antes se din que non houbo mulleres na cea do xoves.

Prometo que darei contigo... se non aquí, nesa outro mundo onde outro ollo é o que ve, outro ouvido é o que oe, e o corazón pode latexar en liberdade porque a cabeza xa comprende... un mundo que xa está aquí e sinalaremos por mais que nolo queiran prohibir, así sexa coa nosa sangue. Bendita ti compañeira de Cleopás, discutidora. Non cales... xa non.

Christina

Contaron o que lles pasara polo camiño

O relato de hoxe é dos máis coñecidos do evanxeo de Lucas e, sen dúbida, moitas/os de nos máis dunha vez sentímonos inspiradas/os co a súa lectura. É un texto que so aparece na tradición deste evanxalista pero que exemplifica con gran claridade cal foi o proceso que a primeira comunidade cristiá tivo que facer para comprender e experimentar o feito da resurrección de Xesús e deste xeito entender tamén dunha forma nova a misión e o significado da vida do mestre.

A narración presenta dous espazos no que se desenvolve a acción. O primeiro é o camiño onde dúas persoas se atopan con Xesús e el vaílles facendo caer na conta que a súa vida e ou seu destino estaba en continuidade co Deus que se revelaba nas Escrituras. Esta foi a o que os discípulos/as primeiros/as fixeron: Buscar na Palabra de Deus o sentido que tiña a vida e especialmente o terrible final do Mestre.

O segundo espazo foi o lugar onde se sentaron a partir o pan e no cal foron quen de descubrir a identidade do compañeiro de camiño. O facer memoria da derradeira cea de Xesús foi para as primeiras comunidades cristiás un momento clave para atoparse co Xesús resucitado. Recordando as súas palabras foron descubrindo a fondura do xesto do Mestre e urxencia de seguir anunciando "o que viran e escoitaran" xunto a el. Na oración e na celebración afianzaron a súa fe en Xesús e colleron folgos para proclamar que o Mestre estaba vivo e cumpría anunciar por vilas e cidades a súa Palabra salvadora e liberadora. Pois coma eles e elas os comezos tamén nos hoxe...

Carme Soto

A CLAVE

DOMINGO 30 DE ABRIL. III de PASCUA A PALABRA. Lc 24, 13-35

Naquel tempo, Lázaro de Betania, da aldea de María e da súa irmá Marta, caera enfermo. María fora a que unxira ao Señor con perfume e lle enxugara os pés cos seus cabelos; o seu irmán Lázaro era o enfermo. Por iso, as irmás mandaron a dicirle a Xesús: «Señor, mira, o que amas está enfermo.» Ao oílo, dixo Xesús: «Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.» (...)

Aquel mesmo día dous deles ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén. Ían falando de canto pasara. E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba canda eles. Mais os seus ollos estaban incapacitados para o recoñeceren. Entón preguntoulles: «De que ides falando polo camiño?» Eles pararon cun rostro moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle: «Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?» El preguntou: «De que, logo?» Eles contestaron: «Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron. Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; mais xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ao riscar o día ao sepulcro, e, ao non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive. [...]»

A PALABRA

ECO

Falando da lingua Cales xardas che gustan?

Lidia e Valentina



Calquera lingua vive máis alá dos dicionarios. Moitas veces dicimos palabras que as persoas que están ao noso lado non coñecen e non sabemos se son “correctas”. Pode darse o caso de que non as atopemos no dicionario e daquela deduzamos que non as podíamos empregar, mais os dicionarios de lingua non son coma os documentos bíblicos e pódense mudar e poden incluír novos termos ou algunhas acepcións que non se deron conta os especialistas que existían no galego. De feito nós temos algunhas propos-

tas para os responsables do Seminario de Lexicografía da Academia.

Concretamente, hoxe queremos empezar por esas marcas que moitas persoas temos na pel, de cor parda unhas e negras outras. De pequenas, sempre escoitabamos a avós e avoas como único termo, e a nais e pais compartindo xa con “peças” e “lunares”, as forma “sardas” (ou xardas) para as primeiras e sinais para os segundos. Xa case nós, persoas preocupadas polas lingua, as tiñamos esquecidas, cando o outro día lle escoitamos a unha colega portuguesa contarnos

que a ela non lle gustaba poñerse ao sol porque tiña moitos sinais e ademais saíanlle moitas sardas na cara e nos brazos. E activóusenos o rexistro lingüístico da nosa infancia e alá nos botamos ao dicionario da Academia, onde “xarda” só é o peixe (que ten bastantes manchas na pel), “sarda” ten que ver con Sardeña (lingua ou persoa) e “sinal” aparece cunha acepción que se lle aplica á pel, pero referida a unha marca deixada por unha ferida. Nada que ver cos sinais que temos nós polo corpo adiante e que hai que ter boa conta deles cando peta o sol. O dicionario da Academia adoptou para este significado o termo coincidente co castelán: “lunar”; para as manchas de cor parda, rexistra “penca” cos seguintes sinónimos: “lentixa, marxa e pincha”.

A nosa lingua ten unha gran riqueza léxica, polo que reclamamos que se recolla toda, para así evitar que se implanten palabras de fóra e evitar tamén *que se perdan termos propios* que, neste caso, ademais, coinciden co portugués.

O Fachineiro da caspa

Retorno ao pasado

Xa pasou, pero deixa resaibo. O nacionalcatolicismo vive días felices e gozou con esa celebración gore de encapuchados. Se non houbera Lei mordaza que o demo me leve se non dicía que me lembran o KKK! Cando non dan medo, eses gritos de procesión “por los caídos por Ehpaña” que se oíron en Málaga ou o paseo do Cristo de la Buena Muerte a ombreiros dos caballeros legionarios mentres a bandeira nacionalcatólica ondea a media hasta pola morte de Cristo, causan perplexidade. Xa visualizo a Cospedal asinando a orde con peineta e mantilla (e outras prendas, supoño). O absurdo pono a Asociación de viúvas de Lugo que se querelou contra o alcalde da Coruña por un cartel de entroido,



disque ofensivo contra os sentimentos relixiosos. Pero non vos riades porque o conto é triste, como dicía Castelao. O esperpento lembroume que en 1880, Curros Enríquez tamén sufriu a Lei Mordaza daquela época ao publicar o seu libro *Aires da miña terra*, sobre todo polos poemas “Mirando ao chao” e “A igrexa fría”. A acusación de blasfemia baseábase no verso “Se eu fixen tal mundo, que o demo me leve” posta en boca dun Deus escandalizado polas inxustizas humanas. Abofé que paga a pena ler o libro, pero tamén a sentenza e os argumentos do bispo. Están ao alcance de calquera na biblioteca virtual galega. Que o demo me leve se non estamos en 1880..

A.Q.